

DECRETO

ILMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA A DISTINTAS OBRIGAS DERIVADAS DE DIVERSAS ACTUACIÓNS DE INTERESE PÚBLICO A DESENVOLVER POR ESTA ALCALDÍA, O SERVIZO DE PROTOCOLO, MAILO GABINETE DE PRENSA.

Visto o estado de execución do Grupo de Programa 912 “Órganos de Goberno” do vixente Orzamento Xeral do exercizo 2022, do que se deduce a inexistencia de crédito adecuado e suficiente para dar cobertura a distintas obrigas derivadas de diversas actuacións de interese público a desenvolver por esta Alcaldía, o Servizo de Protocolo, mailo Gabinete de Prensa, e tendo en conta a dispoñibilidade orzamentaria das aplicacións orzamentarias que ceden crédito segundo se acredita nos estados de execución orzamentaria,

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal núm: 2022/1270 do 12.08.2022, así como RCMOD. Refs. 55062 por 20.000€, 55058 por 9.000€, 55057 por 10.000€, 55056 por 18.000€, 55016 por 13.000€ e 55015 por 30.000€ do 11.08.2022.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

Primeiro. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 100.000,00 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	IMPORTE €
93100.12000	30.000,00€	91201.22699	100.000,00 €
93100.12003	13.000,00€		
93110.12000	18.000,00€		
93110.12100	10.000,00€		
93110.12101	20.000,00€		
93201.12000	9.000,00€		

INTERVENCIÓN

MVF/mjlc

Refª: ispac188023948381376367.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 17-2022 Alcaldía

TOTAL CRÉDITO CEDIDO	100.000,00 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	100.000,00 €

Segundo. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.